

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Medicina

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A bruxa do Monte da Peneda

No cumio do Monte da Peneda, situado nos lindes dos concellos de Redondela e Soutomaior (Pontevedra) hai unha capela barroca dedicada á Virxe das Neves. A capela construíuse sobre as ruínas do castelo de Castrizán, mandado construír polo arcebispo Fonseca e foi destruído por Pedro Madruga; o castelo, á súa vez, fora asentado sobre as ruínas dun castro.

Desde o castelo de Castrizán había un túnel con tres posibles saídas ou entradas; unha no castelo de Soutomaior, outra na Ponte do Canal e a terceira en Pontesampaio. Estes túneles foron de grande axuda para enviar reforzos ao xeneral Morillo cando a defensa contra o francés na sonada batalla de Pontesampaio. A boca de entrada deste túnel na Peneda queda un pouco máis abaixo da muralla que circunda a ermida e o curuto do monte.

A Virxe das Neves da Peneda, visítana especialmente o 5 de agosto e o luns de Pascua, é abogosa contra danadas de bocado ou ameigadas e embruxadas.

Para curar acudían ao santuario e no momento de alzar laiábanse:

Que me aperta!

Entón os acompañantes aproveitaban para preguntarlles:

En que cho deron?

E ela respondía se fora nun anaco de pan, nunha bebida ou noutra comida. E insistían:

Quen cho deu?

E a enferma case sempre respondía:

Non o poido dicir!

Mentres, un home pasaba as reliquias da santa envoltas nun pano polo pescozo da enferma e dicíalle:

Bótao fóra!

Era sinal de cura que a doente vomitase pelos e mesmo agullas pola boca.

Unha vez estaban practicando o ritual cunha enferma e cando lle preguntaron: Quen cho deu?, a muller quería dicilo pero non puido, pois unha bruxa que estaba na igrexa, e que fora a causante do mal, pasáballe unha vela por diante da boca para que non o puidese dicir.

A xente que estaba presente e que se deu conta do que estaba pasando colleron á bruxa polos pelos e arrastrárona ata o adro da igrexa. Seica daba berros coma os dunha raposa. Xuntaron leña e botárona enriba do lume para que ardese.

Hai quen di que alí morreu, queimada, e hai quen di que foi quen de fuxir monte abaixo dando saltos coma as galiñas.



BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

<http://www.oviso.terrameiga.net/lendas.htm>